

**ACTA NÚMERO: 07/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2022.**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 24 de febreiro de 2022 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 17 de febreiro de 2022 (Reunión 06/2022).*
2. *Dar conta das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado abreviado convocado para contratación do servizo de organización e xestión de mobilidades do alumnado de ciclos formativos de grado medio seleccionado no proxecto ERAMUS+ PRACTICUM DEPO 2020". (Expte.- 2021055641).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rias Baixas. (Expte.- 2021061290).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2021038283).*
5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do Castelo de Sobroso. . (Expte.- 2021036804).*
6. *Aprobación das valoracións técnicas das ofertas presentadas nos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)". (Expte.- 2021038293)*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)". (Expte.- 2021038293)*
8. *Aprobación da valoracións técnicas das ofertas presentadas nos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2021041218).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2021041218).*
10. *Aprobación da valoración técnica das ofertas presentadas nos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de xestión, deseño, construción, montaxe e desmontaxe do LVII Concurso-exposición Internacional de la Camelia. (Expte.- 2021065212).*
11. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de xestión, deseño, construción, montaxe e desmontaxe do LVII Concurso-exposición Internacional de la Camelia. (Expte.- 2021065212).*



Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG e D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 17 de febreiro de 2022 (Reunión 06/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente o día, 17 de febreiro de 2022 (Reunión 06/2022).

**2. Dar conta das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado abreviado convocado para contratación do servizo de organización e xestión de mobilidades do alumnado de ciclos formativos de grado medio seleccionado no proxecto ERAMUS+ PRACTICUM DEPO 2020". (Expte.- 2021055641).**

Por Resolución Presidencial nº 2021007791 de data 28/12/2021 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado abreviado do servizo para a organización e xestión de mobilidades do alumnado de ciclos formativos de grado medio, seleccionado no proxecto ERAMUS + PRACTICUM DEPO 2020 da DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, cofinanciado polo programa ERASMUS+ DA UE.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 28/12/2021. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

A presentación de ofertas efectuouse a través da plataforma de licitación electrónica, VORTAL.

Rematado o prazo de presentación de ofertas o 13/01/2022, as seguintes empresas achegan oferta para tomar parte no referido procedemento, dentro do prazo establecido.

Lote nº 1 : Intermedia Lingua de Ramona Ghezza (DNI: X8050112C)



Lote nº 1: Organización e xestión da mobilidade en **ITALIA**, presentou a seguinte oferta a empresa: Intermedia lingua Ramona Ghezza (DNI X8050112C)

- 1.-Prezo sen IVE: 272,73€ por mobilidade  
21% de IVE: 57,27€  
Prezo IVE engadido: 330,00€ por mobilidade
- 2.- Coñecemento en idiomas: Italiano e inglés.

Lote nº 2: Organización e xestión da mobilidade en **PORTUGAL** presentou a seguinte oferta á empresa: Youth Neet Solutions NGO (NIF G94170925)

- 1.- Prezo sen IVE: 234,00€ por mobilidade  
21% de IVE: 49,14€  
Prezo IVE engadido: 283,14€ por mobilidade
- 2.- Coñecemento en idiomas: Portugués e inglés.

Lote nº 3: Organización e xestión da mobilidade en **IRLANDA**, presentou oferta a seguinte empresa: Avada Sociedade Cooperativa Galega (NIF F05269196), polo importe sen IVE (4.124,89€), 21% de IVE (866,23€), importe total IVE engadido: 4.991,12€ e coñecemento de idiomas: Inglés.

Lote nº 4: Non se presentaron ofertas.

Lote nº5: Non se presentaron ofertas.

A Mesa de Contratación queda enterada das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado abreviado convocado para contratación do servizo de organización e xestión de mobilidades do alumnado de ciclos formativos de grado medio seleccionado no proxecto ERAMUS+ PRACTICUM DEPO 2020"

**3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rias Baixas. (Expte.- 2021061290).**



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, dunha asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27 de decembro de 2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación, na reunión do día 28 de xaneiro de 2022, procedeu a apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- Castro Consulting Business Strategy, S.L. (B 98640048)
- UTE ABRAMAR-EOSA.

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de xaneiro de 2022 tamén procedeu á descrición e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente á documentación técnica presentada polas empresas admitidas neste procedemento aberto, acordando darlle traslado da mesma ao persoal técnico do Servizo Turismo Rías Baixas ó obxecto de que se avaliasen e ponderasen as propostas técnicas seguindo os criterios establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

As técnicas do Servizo de Turismo Rías Baixas, co conforme da Xefa do Servizo, con data 10 de febreiro de 2022, emitiron informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras, sendo as puntuacións acadadas polas mesmas as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	EMPRESAS LICITADORAS	
	UTE ABRAMAR - EOSA	CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY, S.L.
<b>1. Proposta de selección de cidades. Ata un máx. de 21 ptos</b>	<b>21</b>	<b>8</b>
Fundamentación da selección. <i>Ata 8 ptos</i>	8	4
Aspectos positivos e negativos de cada unha das cidades propostas. <i>Ata 5 ptos</i>	5	3
Xustificación da elección e localización. <i>Ata 4 ptos</i>	4	0
Proposta xustificada de datas e horarios. <i>Ata 4 ptos</i>	4	1
<b>2. Desenvolvemento do workshop. Ata un máx. de 28 ptos.</b>	<b>28</b>	<b>14</b>
Detalle de tarefas a desenvolver. <i>Ata 8 ptos</i>	8	4



Proposta de escenografía. <i>Ata 10 ptos</i>	10	5
Proposta de actividade gastronómica. <i>Ata 10 ptos</i>	10	5
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE "B"</b>	<b>49</b>	<b>22</b>

A Mesa de Contratación na reunión do día 17 de febreiro de 2022, en base ó informe das técnicas do Servizo de Turismo acordou prestar conformidade ás puntuacións obtidas polas empresas licitadoras admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación dunha asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas. Así mesmo acordou que non se efectuara a apertura do sobre "C" presentado pola empresa, CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY, S.L., por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (24,50 puntos), tal e como establecía na cláusula 9.1 do Prego de cláusulas económico-administrativas que rexen neste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 17 de febreiro de 2022 tamén procedeu á descrición e descarga da documentación presentada no sobre "C" correspondente aos criterios de valoración automática presentados polas empresas admitidas neste procedemento aberto, que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (24,50 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

### **UTE ABRAMAR - EOSA**

#### **1.- Prezo ofertado (sen IVE) para a execución de 2 workshop ó ano:**







CONCEPTO	UNIDADES	PRECIO UNITARIO (SIN IVA)	Precio unitario (sin IVA)	TOTAL
Gestión y coordinación	2	9248,78	8322,084	16.644,17 €
Sinalizadores de empresa reutilizable	50	156	140,4	7.020,00 €
Rotulación accesos a sede	4	200	180	720,00 €
Photocall	2	512	460,8	921,80 €
Letras en volumen	2	668	601,2	1.202,40 €
Acreditaciones personalizables+handyards	300	3,1	2,79	837,00 €
Lista de empresas/ficha de participación en sorteo/Uma/Tarjetas de premio	2	55,85	50,085	100,17 €
Modulo de tarima 2x1 con patas regulables en altura (20,40 60 100 Cm)	24	30	27	648,00 €
Tarima de escenario modular m2	24	24	21,6	518,40 €
Moqueta ferial m2	20	8	5,4	108,00 €
TV plasma 65"	4	298	268,4	1.065,80 €
Mesa control digital 64 CH entrada y 64 CH salida, 24 buses	2	470	423	846,00 €
Caja digital 32/24	2	220	198	396,00 €
Caja auto amplificadora 1000W mínimo 12"	2	50	45	90,00 €
Caja de son dispersión lineal 22,5- 60 grados 1200W	2	50	45	90,00 €
Amplificador digital 4 X 1800W 4OHM AES	2	75	67,5	135,00 €
Micrófono inalámbrico digital	4	45	40,5	162,00 €
Micrófono de cable necesarios para amplificación instrumental	10	25	22,5	225,00 €
Distribuidor de prensa 24ch con ganancias independientes	2	50	45	90,00 €
Ordenador portátil mínimo 17 pulgadas	2	100	90	180,00 €
Servicio de restauración	300	50	45	13.500,00 €
Actuación musical o similar	2	2450	2205	4.410,00 €
Presentador o presentadora	2	2450	2205	4.410,00 €
Alquiler de sala	2	1113	1001,7	2.003,40 €
Costes de la gestión de los asistentes del destino Rías Baixas	50	696	626,4	31.320,00 €
<b>PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (sin IVA)</b>				<b>87.642,74 €</b>
<b>IVA (21%)</b>				<b>15.569,97 €</b>
<b>IVA (10%)</b>				<b>1.350,00 €</b>
<b>PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (con IVA)</b>				<b>104.562,71 €</b>



## 2.- Experiencia do xefe/a de proxecto en workshops ofertada superior á mínima esixida nos pregos.

Número de traballos (workshops independentemente da temática – excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de elas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).	42
--	----

Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).	116
---	-----

## 3. Experiencia do/a xestor/a do proxecto superior á mínima establecida nos pregos ofertada.

Número de traballos (workshops independentemente da temática – excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).	21
---	----

Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).	108
--	-----

A Mesa de Contratación acordou facultar ao secretario para que, de resultar esta oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realizase o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se considerasen necesarios solicitar.

Realizada a ponderación dos valores ofertados no sobre “C” pola única empresa que continúa no procedemento, as puntuacións totais acadadas pola mesma, de conformidade co establecido no prego de prescricións administrativas, foron as seguintes:



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	EMPRESAS LICITADORA
	UTE ABRAMAR -EOSA
<b>1. Proposta de selección de cidades. Ata un máx. de 21 ptos</b>	<b>21</b>
Fundamentación da selección. <i>Ata 8 ptos</i>	8
Aspectos positivos e negativos de cada unha das cidades propostas. <i>Ata 5 ptos</i>	5
Xustificación da elección e localización. <i>Ata 4 ptos</i>	4
Proposta xustificada de datas e horarios. <i>Ata 4 ptos</i>	4
<b>2. Desenvolvemento do workshop. Ata un máx. de 28 ptos.</b>	<b>28</b>
Detalle de tarefas a desenvolver. <i>Ata 8 ptos</i>	8
Proposta de escenografía. <i>Ata 10 ptos</i>	10
Proposta de actividade gastronómica. <i>Ata 10 ptos</i>	10
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE "B"</b>	<b>49</b>
<b>1. Menor prezo ofertado (sen IVE) para a execución de 2 workshops ó ano. Ata un máx. de 25 ptos</b>	<b>13,5</b>
<b>2. Experiencia do xefe/a de proxecto superior á mínima esixida nos pregos. Ata un máx de 12 ptos</b>	<b>12</b>
Maior número de workshops independentemente da temática dos mesmos (excepto promoción turística). <i>Ata 4 puntos</i>	4
Maior número de workshops de promoción turística. <i>Ata 8 puntos</i>	8
<b>3. Experiencia do/a xestor/a do proxecto superior á mínima establecida nos pregos. Ata un máx de 12 ptos</b>	<b>12</b>
Maior número de workshops independentemente da temática dos mesmos (excepto promoción turística). <i>Ata 4 puntos</i>	4
Maior número de workshops de promoción turística. <i>Ata 8 puntos</i>	8
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE "C"</b>	<b>37,5</b>
<b>TOTAL PUNTUACIÓN "B" + "C"</b>	<b>86,5</b>

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Propor ó órgano de contratación, excluir á empresa, Castro Consulting Business Strategy, S.L. (CIF: B 98640048) por non acadar o valor mínimo do 50% (24,50 puntos) correspondente á puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízo de valor (sobre B) esixido para a continuidade no procedemento selectivo, de conformidade co establecido no cláusula 9.1. do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe este procedemento aberto.
- 2) Aprobar a clasificación acadada polas oferta presentada pola empresa que continúa no procedemento aberto convocado para a contratación dunha *asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*, que queda da seguinte forma:





Posición	Empresa	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
1ª	UTE ABRAMAR -EOSA	49	37,5	86,5

- 3) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación o procedemento aberto, convocado para contratación dunha *asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas* á UTE ABRAMAR -EOSA que acada a máxima puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento

**4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.-2021031854).**

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 10 de setembro de 2021 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes”. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 17 de setembro de 2021, aparecendo publicado o día 22 de setembro de 2021 (Anuncio de licitación 2021/S 184-478909), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de setembro de 2021. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Con data 15 de outubro do 2021, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) comunica que a Asociación de Empresas de Servizos para a Dependencia (AESTE) (C.I.F.- G-83445049) interpuxo un recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas regulador deste procedemento.

A través de Resolución Presidencial nº 2021006089 de data 19 de outubro de 2021 a Presidenta de Deputación resolveu efectuar unha avocación puntual da competencia delegada na Xunta de Goberno (dando posteriormente conta de dita Resolución Presidencial na sesión ordinaria da Xunta de Goberno do día 22 de outubro de 2021) e aprobou un novo prego administrativo, que rectificaba e substituíu o anterior. O anuncio de licitación rectificado enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea con data



19 de outubro de 2021 e foi publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra con data 19 de outubro de 2021, momento no que se reiniciou o cómputo do prazo de presentación de ofertas.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL e a Mesa de Contratación na reunión do día 25 de novembro de 2021, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa e as empresas admitidas foron as seguintes:

- Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299).
- Cruz Roja Española (NIF: Q-2866001G).
- Clece, S.A (NIF: A-80.364.243)
- Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475)
- Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842)

A Mesa de Contratación na reunión do día 25 de novembro de 2021 tamén procedeu á apertura da documentación con criterios avaliados mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ós técnicos do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

A Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, Dona Begoña Estévez Bernárdez con data 22 de decembro de 2021, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores.

No informe figura que as empresas Clece, S.A (NIF: A-80.364.243) e Cruz Roja Española (NIF: Q-2866001G), incumpren ó prego de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación na reunión do día 13 de xaneiro de 2022, en base ó informe emitido pola Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, Dona Begoña Estévez Bernárdez, con data 22 de decembro de 2021, acordou que non se procedera á apertura das ofertas presentadas no sobre “C” polas empresas, Clece, S.A e Cruz Roja Española, por incumprir as súas ofertas técnicas ó prego de prescricións técnicas, e prestou conformidade as puntuacións obtidas polo resto das empresas admitidas e que foron as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	EMPRESAS		
	<b>SOBRE “B”</b>	Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842)	Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299)



<b>CARACTERÍSTICAS DA SOLUCIÓN PROPOSTA (máximo 20 puntos)</b>	<b>12,5</b>	<b>17</b>	<b>14</b>
Características do procedemento de prestación e xestión do Servizo, ata un máximo de 5 puntos	0	5	4
Servizo de atención telefónica, ata un máximo de 5 puntos	3,5	4	2
Equipos destinados a ofrecer a Teleasistencia domiciliaria, ata un máximo de 5 puntos	5	4	5
Cadro de mando web para o control do servizo TAD, ata un máximo de 5 puntos	4	4	3
<b>XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO (Máximo 10 puntos)</b>	<b>7,75</b>	<b>8,9</b>	<b>2,7</b>
Metodoloxía de xestión do proxecto, ata un máximo de 1 punto	0,75	0,9	1
Órganos de dirección e xestión do proxecto, ata un máximo 2 puntos	2	2	0,5
Plan de traballo, ata un máximo de 3 puntos	2	2	0,2
Seguimento, control e documentación de seguimento e final do proxecto, ata un máximo de 3 puntos	2	3	0,5
Plan de calidade e protocolos de atención do servizo, ata un máximo de 1 punto	1	1	0,5
<b>MANTEMENTO (Máximo 2 puntos)</b>	<b>1,5</b>	<b>2</b>	<b>0,5</b>
<b>PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "B"</b>	<b>21,75</b>	<b>27,90</b>	<b>17,20</b>

A Mesa de Contratación na reunión do día 13 de xaneiro de 2022, tamén procedeu a efectuar a apertura electrónica dos sobres "C", das empresas que continuaban no procedemento, Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299), e Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475)

O valores ofertados foron os seguintes:

**QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U (NIF: A-80.106.842)**



### 1.- Prezos ofertados

TIPOLOXÍA	Prezo mensual ofertado, sen IVE	IVE	Prezo mensual ofertado, con IVE
PERSOA TITULAR SERVIZO TELEASISTENCIA	18,09 €	0,72 €	18,81 €
PERSOA TITULAR CON DISPOSITIVO GSM	19,15 €	0,77 €	19,92 €
PERSOA BENEFICIARIA CON UCR ADICIONAL	6,74 €	0,27 €	7,01 €
PERSOA BENEFICIARIA SEN UCR ADICIONAL	5,39 €	0,22 €	5,61 €

Melloras propostas pola Deputación de Pontevedra.

Servizo de Teleasistencia Avanzada		
CATEGORÍA DISPOSITIVO	TIPO DISPOSITIVO	Nº. DISPOSITIVOS OFERTADOS
Seguridade	Detectores de monóxido de carbono	1000 detectores
	Detectores de gas	1000 detectores
	Detectores de caída mediante sensores de acelerómetro e sensor de verticalidade	60 detectores
	Detectores de pasividade/mobilidade con posibilidade de configurar franxas horarias de desactivación e/ou días de ausencia	60 detectores
Funcional	Dispositivo para o baño con tirador provisto de alarmas sonoras e/ou visuais para confirmación de que o sinal é enviada ao terminal. Capacidade de ser instalado en calquera zona con alto grao de humidade.	60 dispositivos
	UCR con maior superficie para garantir un pulsador que poida ser activado con calquera parte do corpo	60 UCR
	Terminais para persoas con alta deficiencia auditiva; deberá ofrecer a posibilidade de utilizar o control remoto. O centro responderalles mediante mensaxes de texto prefijados, aos que a persoa contestará con respostas simples mediante pantalla táctil.	60 terminais
	Terminais adaptados para persoas con discapacidade visual; deberán ofrecer dispositivos adaptados ás persoas con capacidade de poder recoñecer a funcionalidade de cada botón de maneira táctil e ofrecer as mesmas prestacións para comunicarche co centro de atención e a xestión das posibles alarmas producidas.	60 terminais



Outros	Pulsador tipo pera	60 pulsadores
	Sensor de presión en cama e sofá	60 sensores
	Sensor de inundación	60 sensores
	Sensor de temperatura	230 sensores
	Sensor de alarma en porta	600 sensores
	Dispensador de medicinas para 7 días da semana e apartados para medicación mañá, tarde e noite e cor branco con logo da Deputación de Pontevedra	1000 dispensadores

Concepto	Valor
Número de días ofertados de prazo para a instalación de terminais	Unidades
	Menos de 8 días.
Número de instalacións urxentes ofertados por ano	Porcentaxe
	50 instalacións urxentes /ano
Número de terminais ofertados para o servizo de Teleasistencia móbil	Unidades
	40 terminais

### EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.(NIF: A-79.022.299).

#### 1.- Prezos ofertados

TIPOLOXÍA	Prezo mensual ofertado, sen IVE	IVE	Prezo mensual ofertado, con IVE
PERSOA TITULAR SERVIZO TELEASISTENCIA	20,67 €	0,83 €	21,50 €
PERSOA TITULAR CON DISPOSITIVO GSM	20,67 €	0,83 €	21,50 €
PERSOA BENEFICIARIA CON UCR ADICIONAL	10,68 €	0,43 €	11,11 €
PERSOA BENEFICIARIA SEN UCR ADICIONAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €

#### Melloras propostas pola Deputación de Pontevedra.







Servizo de Teleasistencia Avanzada		
CATEGORÍA DISPOSITIVO	TIPO DISPOSITIVO	Nº. DISPOSITIVOS OFERTADOS
Seguridade	Detectores de monóxido de carbono	1000
	Detectores de gas	1000
	Detectores de caída mediante sensores de acelerómetro e sensor de verticalidade	60
	Detectores de pasividade/mobilidade con posibilidade de configurar franxas horarias de desactivación e/ou días de ausencia	60
Funcional	Dispositivo para o baño con tirador provisto de alarmas sonoras e/ou visuais para confirmación de que o sinal é enviada ao terminal. Capacidade de ser instalado en calquera zona con alto grao de humidade.	60
	UCR con maior superficie para garantir un pulsador que poida ser activado con calquera parte do corpo	60
	Terminais para persoas con alta deficiencia auditiva; deberá ofrecer a posibilidade de utilizar o control remoto. O centro responderalles mediante mensaxes de texto prefijados, aos que a persoa contestará con respostas simples mediante pantalla táctil.	60
	Terminais adaptados para persoas con discapacidade visual; deberán ofrecer dispositivos adaptados ás persoas con capacidade de poder recoñecer a funcionalidade de cada botón de maneira táctil e ofrecer as mesmas prestacións para comunicarche co centro de atención e a xestión das posibles alarmas producidas.	60
Outros	Pulsador tipo pera	60
	Sensor de presión en cama e sofá	60
	Sensor de inundación	60
	Sensor de temperatura	230
	Sensor de alarma en porta	600
	Dispensador de medicinas para 7 días da semana e apartados para medicación mañá, tarde e noite e cor branco con logo da Deputación de Pontevedra	1000

Concepto	Valor
Número de días ofertados de prazo para a instalación de terminais	Unidades
	Menos de 8 días
Número de instalacións urxentes ofertados por ano	Porcentaxe
	50 por ano
Número de terminais ofertados para o servizo de Teleasistencia móbil	Unidades
	40



**ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. (NIF: A-47.326.475)**
**1.- Prezos ofertados**

TIPOLOXÍA	Prezo mensual ofertado, sen IVE	IVE	Prezo mensual ofertado, con IVE
PERSOA TITULAR SERVIZO TELEASISTENCIA	19,10 €	0,76 €	19,86 €
PERSOA TITULAR CON DISPOSITIVO GSM	20,22 €	0,81 €	21,03 €
PERSOA BENEFICIARIA CON UCR ADICIONAL	9,55 €	0,38 €	9,93 €
PERSOA BENEFICIARIA SEN UCR ADICIONAL	7,64 €	0,31 €	7,95 €

**Melloras propostas pola Deputación de Pontevedra.**

Servizo de Teleasistencia Avanzada		
CATEGORÍA DISPOSITIVO	TIPO DISPOSITIVO	Nº. DISPOSITIVOS OFERTADOS
Seguridade	Detectores de monóxido de carbono	1000 detectores
	Detectores de gas	1000 detectores
	Detectores de caída mediante sensores de acelerómetro e sensor de verticalidade	60 detectores
	Detectores de pasividade/mobibilidade con posibilidade de configurar franxas horarias de desactivación e/ou días de ausencia	60 detectores
Funcional	Dispositivo para o baño con tirador provisto de alarmas sonoras e/ou visuais para confirmación de que o sinal é enviada ao terminal. Capacidade de ser instalado en calquera zona con alto grao de humidade.	60 dispositivos
	UCR con maior superficie para garantir un pulsador que poida ser activado con calquera parte do corpo	60 UCR
	Terminais para persoas con alta deficiencia auditiva; deberá ofrecer a posibilidade de utilizar o control remoto. O centro responderalles mediante mensaxes de texto prefijados, aos que a persoa contestará con respostas simples mediante pantalla táctil.	60 terminais



	Terminais adaptados para persoas con discapacidade visual; deberán ofrecer dispositivos adaptados ás persoas con capacidade de poder recoñecer a funcionalidade de cada botón de maneira táctil e ofrecer as mesmas prestacións para comunicarche co centro de atención e a xestión das posibles alarmas producidas.	60 terminais
Outros	Pulsador tipo pera	60 pulsadores
	Sensor de presión en cama e sofá	60 sensores
	Sensor de inundación	60 sensores
	Sensor de temperatura	230 sensores
	Sensor de alarma en porta	600 sensores
	Dispensador de medicinas para 7 días da semana e apartados para medicación mañá, tarde e noite e cor branco con logo da Deputación de Pontevedra	1000 dispensadores

Concepto	Valor
Número de días ofertados de prazo para a instalación de terminais	Unidades
	Menos de 8 días
Número de instalacións urxentes ofertados por ano	Porcentaxe
	100 %
Número de terminais ofertados para o servizo de Teleasistencia móbil	Unidades
	40

A Mesa de Contratación tamén facultou ao secretario para que, de resultar ofertas incursas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realizase o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poideran presentarse e dos informes técnicos que se considerasen necesarios solicitar.

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas, observouse que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, as ofertas económicas das empresas Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299) e Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475), presentaban valores anormais ou desproporcionados nos seguintes apartados das súas ofertas:

Na oferta da empresa, Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), os seguintes:



- Nos prezos ofertados por persoa beneficiaria con UCR adicional e persoa beneficiaria sen UCR adicional
- Nos valores ofertados tanto nos dispositivos periféricos de Teleasistencia avanzada como nos terminais ofertados para o servizo de teleasistencia móbil.

Na oferta da empresa, Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (NIF: A-79.022.299), os seguintes:

- Nos prezos ofertados por persoa beneficiaria sen UCR adicional.
- Nos valores ofertados tanto nos dispositivos periféricos de Teleasistencia avanzada como nos terminais ofertados para o servizo de teleasistencia móbil.

Na oferta da empresa, Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475), os seguintes:

- Nos valores ofertados nos dispositivos periféricos de Teleasistencia avanzada.
- Nos valores ofertados nos terminais ofertados para o servizo de teleasistencia móbil.

Con data 20 de xaneiro de 2022, efectuouse o requirimento ás citadas empresas para que xustificasen as súas ofertas, e precisasen as condicións destas, en particular no que se refería ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispuxeran para executar a prestación.

A través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra as empresas Quavita e Servicios Asistenciales, S.A.U (Número de rexistro WEB2022002896, de data 26/01/2022) e Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (Número de rexistro WEB2022002730, de data 25/01/2022), presentaron a documentación xustificativa que lles foi requirida en relación aos valores anormais ou desproporcionados detectados nas súas ofertas. A empresa Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475) non presentou xustificación da súa oferta dentro do prazo establecido.

Unha vez recibida a documentación solicitouse o correspondente informe técnico e a Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, unha vez analizada a documentación aportada, pon de manifesto que deberían aclararse polas empresas algún destes extremos ao non quedar suficientemente claros na xustificación presentada.

A Mesa de Contratación na reunión do día 3 de febreiro de 2022 acordou facultar ó Secretario para que procedera a requirir as empresas, Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. e Quavita e Servicios Asistenciales, S.A.U, para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, efectuaran as seguintes aclaracións sobre a documentación xustificativa presentada en relación os valores anormais ou desproporcionados detectados nas súas ofertas, tendo en conta o sinalado no informe da Xefa de Cohesión Social e Xuventude de data 02/02/2022 (CSV 67TQY48A41DXQ7H9), en concreto sobre os seguintes aspectos:



- *“EULEN: Aclaración sobre o cálculo do número de persoas beneficiarias sen UCR 50/5*
- *QUAVITAE: Aclaración sobre o cálculo dos costes de persoal, así como previsión no cálculo do número de persoas usuarias 1.161/1.000.*

En todo caso de conformidade có establecido no PCA (páxina 15) tamén se podrá comprobar o cumprimento das disposicións relativas á protección do emprego e ás condicións de traballo do persoal proposto, especialmente que a categoría profesional se corresponda coas función a desenvolver neste contrato, en función dos convenios colectivos de ámbito territorial e demais lexislación vixente aplicable, de xeito que tamén se solicitaba que no caso de resultar adxudicatarias do contrato, calquera das dúas, deberán acreditar estas circunstancias.

A través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra as empresas, Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (Número de rexistro WEB2022005189, de data 09/02/2022), e Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (Número de rexistro WEB2022005744, de data 11/02/2022), presentaron a documentación xustificativa que lles foi requirida en relación aos valores anormais ou desproporcionados detectados nas súas ofertas.

Unha vez recibida a documentación solicitouse o correspondente informe técnico a Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, e unha vez analizada de forma detallada toda a documentación aportada, con data 23/02/2022 emite informe no que a modo de conclusión recolle o seguinte:

Con respecto ao análise da documentación presentada pola empresa Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A., recolle que *“... Examinada a oferta económica presentada pola empresa e os prezos ofertados, cumpren co prezo por persoa beneficiaria do servizo, cubrindo o prezo unitario os custos de persoal e os custos dos dispositivos, permitindo a porcentaxe de rebaixa indicado para os beneficiarios sen UCR adicional, prestar servizo esixido, xa que a diferenza sería asumida dentro do beneficio industrial”.*

Con respecto ao análise da documentación presentada pola empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A., recolle que *“.....De acordo con todo o exposto, e en conclusión, non queda acreditado que poñan a disposición do servizo TAD da Deputación de Pontevedra, o número de teleoperadores/as suficientes para prestar o servizo nos niveis esixidos pola documentación contractual, así como imposibilitando a súa identificación a efectos de coñecer a súa cualificación, polo que non queda xustificada a baixa na súa oferta, senón é a través do incumprimento das prescricións contractuais”.*





De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas, procedeuse á efectuar a valoración da oferta da empresa, Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. obtendo o seguinte resultado:

<b>CRITERIOS DE VALORACIÓN</b>	Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (NIF: A-79.022.299)
<b>MENOR PREZO OFERTADO, ATA UN MÁXIMO DE 20 PUNTOS</b>	<b>10,294</b>
Menor prezo ofertado por persoa titular do servizo de teleasistencia, ata un máximo de 7,5 puntos.	3,004
Menor prezo ofertado por persoa titular con dispositivo GSM, ata un máximo de 7,5 puntos.	4,918
Menor prezo ofertado por persoa beneficiaria con UCR adicional, ata un máximo de 3,5 puntos.	0,872
Menor prezo ofertado por persoa beneficiaria sen UCR adicional, ata un máximo de 1,5 puntos.	1,500
<b>MELLORAS PROPOSTAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, ATA UN MÁXIMO DE 48 PUNTOS</b>	<b>48</b>
<i>Dispositivos periféricos de Teleasistencia avanzada, ata un máximo de 20 puntos.</i>	<i>20</i>
Detectores de monóxido de carbono, ata un máximo de 3 puntos	3
Detectores de gas, ata un máximo de 3 puntos	3
Detectores de caída mediante sensores de acelerómetro e sensor de verticalidade, ata un máximo de 1 puntos.	1
Detectores de pasividade/mobilidade con posibilidade de configurar franxas horarias de desactivación e/ou días de ausencia, ata un máximo de 1 punto	1
Dispositivo para o baño con tirador provisto de alarmas sonoras e/ou visuais para confirmación de que o sinal é enviada ao terminal. Capacidade de ser instalado en calquera zona con alto grao de humidade, ata un máximo de 1 punto	1
UCR con maior superficie para garantir un pulsador que poida ser activado con calquera parte do corpo, ata un máximo de 1 punto.	1
Terminais para persoas con alta deficiencia auditiva; deberá ofrecer a posibilidade de utilizar o control remoto. O centro responderalles mediante mensaxes de texto prefijados, aos que a persoa contestará con respostas pantalla táctil, ata un máximo de 1 punto.simples mediante	1
Terminais adaptados para persoas con discapacidade visual; deberán ofrecer dispositivos adaptados ás persoas con capacidade de poder recoñecer a funcionalidade de cada botón de maneira táctil e ofrecer as mesmas prestacións	1



para comunicarche co centro de atención e a xestión das posibles alarmas producidas, ata un máximo de 1 punto.	
Pulsador tipo pera, ata un máximo de 1 punto.	1
Sensor de presión en cama e sofá, ata un máximo de 1 punto.	1
Sensor de inundación, ata un máximo de 1 punto.	1
Sensor de temperatura, ata un máximo de 1 punto.	1
Sensor de alarma en porta, ata un máximo de 2 puntos.	2
Dispensador de medicinas para 7 días da semana e apartados para medicación mañá, tarde e noite e cor branco con logo da Deputación de Pontevedra, ata un máximo de 2 puntos.	2
<i>Prazo de instalación de terminais, ata un máximo de 10 puntos.</i>	10
<i>Aumento do número de instalacións urxentes, máximo 10 puntos.</i>	10
<i>Terminais ofertados para o servizo de teleasistencia móbil, máximo 8 puntos.</i>	8
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE C</b>	<b>58,294</b>

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, a exclusión da oferta presentada pola empresa, Clece, S.A (NIF: A-80.364.243), por incumprir co establecido no prego de prescricións técnicas no seguinte apartado:

*O PPT establece no punto 4.3.2.1 que “a empresa adxudicataria deberá dotar de un dispositivo que se instalará no domicilio da persoa usuaria conectado coa rede eléctrica e a unha liña telefónica como elemento emisor de alarmas En aqueles casos nos que a liña fixa convencional ou a través de Ethernet non estea dispoñible, ou nos sexa viable, a empresa adxudicataria proporcionará un dispositivo de teleasistencia domiciliaria GSM ou dispositivo domiciliario dixital con tarxeta SIM incorporada e sen coste adicional, nin para a persoa usuaria nin para este organismo provincial”.*

*No apartado 1.3.1.2 a empresa incumpre o establecido no PPT, xa que o servizo non pode supoñer ningún coste para a persoa usuaria, xa que o servizo e sufragado pola Deputación de Pontevedra e os concellos adheridos na súa totalidade.*

2. Propor ó órgano de contratación, a exclusión da oferta presentada pola Cruz Roja Española (NIF: Q-2866001G), por incumprir co establecido no prego de prescricións técnicas no seguinte apartado:



*O PPT establece no seu apartado 4.1.4.2 “Alta das persoas beneficiarias no servizo de teleasistencia”, que “(...) proporcionarse a persoa usuaria o teléfono do Centro de Atención, co fin de facilitar a comunicación da persoa beneficiaria coas persoas responsables do servizo ante posibles incidencias que poidan xurdir durante o proceso. Este teléfono debe de ser de chamada gratuíta para a persoa usuaria (...).”*

*Polo tanto, hai dúas vías de contacto có Centro de Atención. Unha externa mediante un número de teléfono que debe de ser gratuíta (pax. 11 PPT) e as chamadas que fai o propio terminal (ao pulsar o botón do terminal ou o UCR), que deben de ser gratuítas ou como máximo o custe dunha chamada local (pax 13 e páx 20 do PPT).*

*Cruz Roja Española indica na súa oferta que “(...) se le facilitará el número de teléfono de contacto del Centro de Atención (...); (...) Este teléfono es de carácter gratuíta para la persona usuaria o, como máximo, tendrá el coste de una llamada local (...).”, incumprindo o establecido no PPT xa que deben proporcionarlles un número de teléfono gratuíta para contactar de forma externa có Centro de Atención.*

3. Propor ó órgano de contratación excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa, Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475), por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato.
4. Propor ó órgano de contratación excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa, Quavita e Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato. A motivación desta proposta recollese en detalle no informe técnico elaborado en data 23/02/2022 pola Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, no que se recolle a modo de conclusión que “... non queda acreditado que poñan a disposición do servizo TAD da Deputación de Pontevedra, o número de teleoperadores/as suficientes para prestar o servizo nos niveis esixidos pola documentación contractual, así como imposibilitando a súa identificación a efectos de coñecer a súa cualificación, polo que non queda xustificada a baixa na súa oferta, senón é a través do incumprimento das prescricións contractuais”.

Así mesmo efectúase proposta ao órgano de contratación para que unha vez sexa adxudicado este contrato se lle notifique á empresa, Quavita e Servicios Asistenciales, S.A.U., xunto co acordo, o informe da Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude de data 23 de febreiro de 2022, coa finalidade de fundamentar a motivación desta proposta.



5. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299)	27,900	58,294	86,194

6. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes á empresa, Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299) de acordo co seguinte detalle:

### 1.- Prezos ofertados

TIPOLOXÍA	Prezo mensual ofertado, sen IVE	IVE	Prezo mensual ofertado, con IVE
PERSOA TITULAR SERVIZO TELEASISTENCIA	20,67 €	0,83 €	21,50 €
PERSOA TITULAR CON DISPOSITIVO GSM	20,67 €	0,83 €	21,50 €
PERSOA BENEFICIARIA CON UCR ADICIONAL	10,68 €	0,43 €	11,11 €
PERSOA BENEFICIARIA SEN UCR ADICIONAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Melloras propostas pola Deputación de Pontevedra.

Servizo de Teleasistencia Avanzada		
CATEGORÍA DISPOSITIVO	TIPO DISPOSITIVO	Nº. DISPOSITIVOS OFERTADOS
Seguridade	Detectores de monóxido de carbono	1000
	Detectores de gas	1000





	Detectores de caída mediante sensores de acelerómetro e sensor de verticalidade	60
	Detectores de pasividade/mobilidade con posibilidade de configurar franxas horarias de desactivación e/ou días de ausencia	60
Funcional	Dispositivo para o baño con tirador provisto de alarmas sonoras e/ou visuais para confirmación de que o sinal é enviada ao terminal. Capacidade de ser instalado en calquera zona con alto grao de humidade.	60
	UCR con maior superficie para garantir un pulsador que poida ser activado con calquera parte do corpo	60
	Terminais para persoas con alta deficiencia auditiva; deberá ofrecer a posibilidade de utilizar o control remoto. O centro responderalles mediante mensaxes de texto prefijados, aos que a persoa contestará con respostas simples mediante pantalla táctil.	60
	Terminais adaptados para persoas con discapacidade visual; deberán ofrecer dispositivos adaptados ás persoas con capacidade de poder recoñecer a funcionalidade de cada botón de maneira táctil e ofrecer as mesmas prestacións para comunicarche co centro de atención e a xestión das posibles alarmas producidas.	60
Outros	Pulsador tipo pera	60
	Sensor de presión en cama e sofá	60
	Sensor de inundación	60
	Sensor de temperatura	230
	Sensor de alarma en porta	600
	Dispensador de medicinas para 7 días da semana e apartados para medicación mañá, tarde e noite e cor branco con logo da Deputación de Pontevedra	1000

Concepto	Valor
Número de días ofertados de prazo para a instalación de terminais	Unidades
	Menos de 8 días
Número de instalacións urxentes ofertados por ano	Porcentaxe
	50 por ano
Número de terminais ofertados para o servizo de Telesistencia móbil	Unidades
	40

**5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do Castelo de Sobroso. . (Expte.-2021036804).**





O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 24 de xaneiro do 2022, aprobou o expediente de contratación para adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión do Castelo de Sobroso.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de xaneiro do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación, na sesión do día 10 de febreiro do 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A, correspondentes á documentación administrativa, presentados dentro do prazo establecido na plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra.

Unha vez examinada pola Mesa de Contratación a documentación xeral presentada polas empresas licitadoras, as empresas admitidas foron Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954); e Galipat Servizos Culturais, S.L.(CIF: B-70.381.074), non resultando ningunha non admitida.

A Mesa de Contratación na sesión do día 10 de febreiro de 2022 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación técnica, acordando trasladar a documentación avaliable mediante criterios de valoración non automática ao servizo de Turismo Rías Baixas para que avaliasen e ponderasen as propostas, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores de este procedemento.

Recibido o informe do servizo de Turismo Rías Baixas, de data 15 de febreiro do 2022 (CSV: B5U3VXQZJ5WNU32Q), a Mesa de Contratación, na sesión do día 17 de febreiro do 2022, prestou conformidade as puntuacións acadadas, co seguinte resultado:

CRITERIOS	ESPIRAL XESTIÓN CULTURAL, S.L. (CIF: B94054954)	GALIPAT SERVICIOS CULTURAI, S.L. (CIF: B70381074)
<b>SOBRE B</b>		
<b>1.Servizo de acompañamento á visita polo Castelo, ata un máximo de 25 puntos.</b> A distribución da puntuación realizarase conforme aos seguintes subcriterios:	<b>25</b>	<b>11,5</b>
a) Valorarase o grado de detalle e concreción na descrición do procedemento de realización da visita, así como presentar explicacións ao inicio, e introducións a cada unha das salas, e a despedida ao final da última sala, buscando o equilibrio entre, por unha banda, aprender e coñecer e, por outra banda, entreter e vivir unha experiencia satisfactoria, ata un máximo de 7 puntos.	7	4
b) Valorarase que o acompañamento á visita sexa ameno, dinámico, atractivo e orixinal, que esperten interese ao visitante, que se expoña a temporización, e que sexa realista e acorde ao proxecto de musealización, ata un máximo de 6 puntos.	6	3
c) No caso de visitas continuadas, valorarase que o proceso de xestión formulado non se observe que entorpeza ou cause molestias entre as visitas, ata un máximo de 5 puntos.	5	2,5



d) Valorarase a fórmula proposta polos licitadores en relación ás visitas individualizadas incluíndo varias opcións no que se prevean distintos escenarios especialmente cando se traten de visitas continuadas e se indiquen solucións e optativas ao respecto de forma que non se produzan aglomeracións, ata un máximo de 7 puntos.	7	2
<b>2. Estrutura organizativa e formación, ata un máximo de 8 puntos.</b>	<b>8</b>	<b>6</b>
<b>3. Plan de Calidade, ata un máximo de 7 puntos.</b>	<b>7</b>	<b>4</b>
<b>4. Calendario, ata un máximo de 5 puntos.</b>	<b>5</b>	<b>4,5</b>
<b>TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 45 puntos)</b>	<b>45</b>	<b>26</b>

A Mesa de Contratación na reunión do día 17 de febreiro de 2022 tamén procedeu á apertura dos sobres C, correspondentes á documentación avaliada mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas. Os valores ofertados foron os seguintes:

**Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954):**

1. Prezo ofertado:
  - Prezo ofertado sen IVE: 109.800,00 €
  - IVE (21%): 23.058,00 €
  - Prezo total ofertado: 132.858,00 €
2. Número de guías turísticas ofertadas das que se achega acreditación de formación específica: 6 con posesión demostrable de grado ou diploma universitario en Turismo.
3. Idiomas ofertados a maiores dos esixidos nos pregos (galego, castelán e inglés) dos que se achega acreditación de coñecemento por unha ou varias das guías turísticas: 4 (francés, portugués, italiano, alemán).

**Galipat Servizos Culturais, S.L. (CIF: B-70.381.074)**

1. Prezo ofertado:
  - Prezo ofertado sen IVE: 119.300,00 €
  - IVE (21%): 25.053,00 €
  - Prezo total ofertado: 144.353,00 €
2. Número de guías turísticas ofertadas das que se achega acreditación de formación específica: 4 con posesión demostrable de grado ou diploma universitario en Turismo e 1 con posesión demostrable de Máster universitario relacionado co Turismo.
3. Idiomas ofertados a maiores dos esixidos nos pregos (galego, castelán e inglés) dos que se achega acreditación de coñecemento por unha ou varias das guías turísticas: 3 (francés, portugués, catalán).



Con data 22 de febreiro do 2022, o servizo de Turismo Rías Baixas emite informe sobre a documentación xustificativa achegada polas empresas respecto á formación específica e idiomas (CSV: NIN04OFN12SFDUD6), considerando acreditados os seguintes valores ofertados:

- Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954): Formación específica: 4 . Idiomas: 2
- Galipat Servizos Culturais, S.L.(CIF: B-70.381.074): Formación específica: 4. Idiomas: 2

A Mesa de Contratación procedeu á valoración da documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas no sobre C, conforme aos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 9.2 do prego administrativo regulador do procedemento, e ao referido informe do servizo de Turismo sobre a documentación acreditativa achegada respecto á formación específica e idiomas, resultando a seguinte puntuación:

	ESPIRAL XESTIÓN CULTURAL, S.L. (CIF: B94054954)	GALIPAT SERVIZOS CULTURAI, S.L. (CIF: B70381074)
<b>SOBRE C</b>		
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 45 puntos.	24,32	5,69
2. Formación específica das guías turísticas que a empresa licitadora se compromete a adscribir á execución do contrato, ata un máximo de 5 puntos.	3,33	3,33
3. Maior número de idiomas distintos ao castelán, galego e inglés dos que se acredite coñecemento por algunha das guías turísticas que a empresa licitadora se compromete a adscribir á execución do contrato, ata un máximo de 5 puntos.	2	2
<b>TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 55 puntos)</b>	<b>29,65</b>	<b>11,02</b>

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do *Servizo de xestión do Castelo de Sobroso*, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	VALORACIÓN SOBRE "B"	VALORACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1 <sup>a</sup>	Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954)	45,00	29,65	74,65
2 <sup>a</sup>	Galipat Servizos Culturais, S.L.(CIF: B-70.381.074)	26,00	11,02	37,02



2) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato de *Servizo de xestión do Castelo de Sobroso* a favor da empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo ofertado sen IVE: 109.800,00 €
- IVE (21%): 23.058,00 €
- Prezo total ofertado: 132.858,00 €

**6. *Aprobación das valoracións técnicas das ofertas presentadas nos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)". (Expte.-2021038293).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 10 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra *"Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)"*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de xaneiro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL
- AUDECA SLU
- CIVIS GLOBAL SL
- CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO SL
- CONSTRUCCIONES FECHI SL
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS SL
- EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL



- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA.
- NAROM SL
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS SA

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 17 de febreiro de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	TOTAL SOBRE A
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	22,00	3,00	<b>25,00</b>
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	20,00	2,00	<b>22,00</b>
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.-ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.	20,00	2,00	<b>22,00</b>
PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.	18,00	2,00	<b>20,00</b>
CIVISGLOBAL S.L.	16,00	3,00	<b>19,00</b>
ORESAS CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	16,00	3,00	<b>19,00</b>
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	2,00	<b>18,00</b>
NAROM S.L.	16,00	2,00	<b>18,00</b>
UTE: ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.CONSTRUCTORA CONSVIAL, S.L.	16,00	2,00	<b>18,00</b>
EXPLORACIONES GALLEGAS S.L.	14,00	2,00	<b>16,00</b>
FRANCISCO GOMEZ Y CIA S.L.	14,00	2,00	<b>16,00</b>
AUDECA S.L.	12,00	2,00	<b>14,00</b>
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	8,00	2,00	<b>10,00</b>

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 17 de febreiro de 2022, acorda:

1. Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *“Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)”*.





2. Que non se efectúe a apertura do sobre "B" presentado pola empresa, ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U., por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (12,50 puntos), tal e como establece a cláusula 9.1 do Prego de cláusulas económico-administrativas que rexen neste procedemento aberto simplificado.

**7. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliábeis mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)". (Expte.- 2021038293).**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	25,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	22,00
UTE: CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.- ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.	22,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.	20,00
CIVISGLOBAL S.L.	19,00
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	19,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00
NAROM S.L.	18,00
UTE: ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.CONSTRUCTORA CONSVIAL, S.L.	18,00
EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L.	16,00
FRANCISCO GOMEZ Y CIA S.L.	16,00
AUDECA S.L.	14,00
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	10,00

Así mesmo informa que a Mesa de Contratación acordou que non se efectúe a apertura do sobre "B" presentado pola empresa, ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U., por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (12,50 puntos), tal e como establece a cláusula 9.1 do Prego de cláusulas económico-administrativas que rexen neste procedemento aberto simplificado.



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.- ASFAGAL, TECNICAS VIARIAS, S.L.	831.810,72 €	3%	36 MESES	SI	SI
UTE: ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.- CONSTRUCTORA CONSVIAL, S.L.	816.085,44 €	3%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCIONS Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	811.387,02 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	855.206,91 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	864.507,85 €	3%	36 MESES	SI	SI
AUDECA, S.L.U.	840.248,70 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	859.234,12 €	3%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	841.782,88 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	917.245,12 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	860.864,19 €	3%	36 MESES	SI	SI
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	855.878,11 €	3%	36 MESES	SI	SI
CIVIS GLOBAL, S.L.U	817.715,50 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas pola UTE: ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.- CONSTRUCTORA CONSVIAL, S.L., e pola empresa, ORESA CONSTRUCCIONS Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas



económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforo económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

**8. Aprobación da valoracións técnicas das ofertas presentadas nos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2021041218).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 17 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de xaneiro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- 
- ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL
- AUDECA SLU
- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
- CONSTRUCCIONES FECHI SL
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
- CONSTRUCCIONES VALE, SL
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
- EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL
- MONTAJES J M IGLESIAS SL
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
- NAROM SL
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.



O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 17 de febreiro de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS	TOTAL SOBRE A
MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	20,00	2,00	22,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	18,00	3,00	21,00
ORSA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	18,00	3,00	21,00
ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	3,00	19,00
NAROM S.L.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES VALE S.L.	14,00	2,00	16,00
EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L.	14,00	2,00	16,00
FRANCISCO GOMEZ Y CIA S.L.	14,00	2,00	16,00
AUDECA S.L.U.	12,00	2,00	14,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	12,00	2,00	14,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 17 de febreiro de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)".

**9. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2021041218).**



O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra " *Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)*".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.	25,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	22,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	21,00
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	21,00
ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.	20,00
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.	20,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	19,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	19,00
NAROM S.L.	19,00
CONSTRUCCIONES VALE S.L.	16,00
EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L.	16,00
FRANCISCO GOMEZ Y CIA S.L.	16,00
AUDECA S.L.U.	14,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	14,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ARINES PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	494.125,14 €	3%	36 MESES	SI	SI



ORESA CONSTRUCCIONS Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	478.353,06 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	447.807,14 €	3%	36 MESES	SI	SI
AUDECA, S.L.U.	432.983,39 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	482.845,11 €	3%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	457.201,32 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	470.516,93 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	450.712,65 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	462.880,45 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	457.739,55 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	463.928,60 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	469.768,26 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	477.654,30 €	3%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	446.509,44 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. e AUDECA, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforo económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

**10. Aprobación da valoración técnica das ofertas presentadas nos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de xestión, deseño, construción, montaxe e desmontaxe do LVII Concurso-exposición Internacional de la Camelia. (Expte.- 2021065212).**





O secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2022000684, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo de deseño, construción, montaxe e desmontaxe do LVII Concurso exposición internacional da camelia.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 1-02-2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas se realiza mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polas empresas licitantes.

Posteriormente, procedeuse á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliábeis mediante criterios que precisen un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan no procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación na reunión do día 17 de febreiro de 2022 acordou admitir á única empresa presentada:

- Grupo Norte MCA SL (CIF B-36.220.135)

Así mesmo a Mesa de Contratación acordou dar traslado da oferta técnica presentada pola empresa, Grupo Norte MCA SL, aos técnicos da Estación fitopatolóxica de Areeiro para que avalíen e ponderen a mesma de conformidade aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor que figuran nos pregos que regulan este procedemento aberto simplificado.

A Xefa da Estación Fitopatolóxica do Areeiro María del Carmen Salinero Corral emitiu informe con data 17-02-2022 e CSV (5VEM60EQCGOBMZSK) sendo as puntuacións obtidas pola empresa Grupo Norte MCA SL as seguintes:

Criterios	Grupo Norte MCA SL
a) Deseño dos espazos que conforman o Concurso-Exposición	10 puntos
b) Deseño da sinalización e seguridade do evento	10 puntos
c) Materiais e recursos utilizados nos espazos	3 puntos
<b>TOTAL PUNTUACION SOBRE “A”</b>	<b>23 puntos</b>

A Mesa de Contratación en base o informe emitido pola Xefa da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, Dona María del Carmen Salinero Corral, de data 17-02-2022, acorda



prestar conformidade á valoración obtida pola empresa Grupo Norte MCA SL na documentación técnica aportada no sobre "A" correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

**11. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de xestión, deseño, construción, montaxe e desmontaxe do LVII Concurso-exposición Internacional de la Camelia. (Expte.- 2021065212).**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de deseño, construción, montaxe e desmontaxe do LVII Concurso Exposición internacional da Camelia sendo esta a seguinte:

Criterios	Grupo Norte MCA SL
a) Deseño dos espazos que conforman o Concurso-Exposición	10 puntos
b) Deseño da sinalización e seguridade do evento	10 puntos
c) Materiais e recursos utilizados nos espazos	3 puntos
<b>TOTAL PUNTUACION</b>	<b>23 puntos</b>

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "B" correspondente os criterios de valoración automática presentada pola empresa Grupo Norte MCA SL (CIF B-36.220.135) ao acadar dita empresa unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados pola empresa Grupo Norte MCA SL (CIF B-36.220.135) foron os seguintes:

Empresa: Grupo Norte MCA SL

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	.....	27.800,00 €
IVE (..... %):	.....	5.838,00 €
Importe total ofertado:	.....	33.638,00 €

2. Colocación de pantallas planas, de entre 70 e 77 polgadas, a maiores do esixido nos pregos





Pantallas de 70-77 polgadas ofertadas a maiores do esixido nos pregos (Marcar cunha X a opción que proceda)	
Colocación dunha pantalla exterior (2,5 m) que mostre imaxes de camelias e xardíns, e o momento da inauguración, clausura e entrega de premios (Zona 2)	X
Colocación de pantallas que mostren imaxes da exposición na Zona 3 (Vestíbulo do Pazo Provincial)	X
Unha pantalla adicional na Zona 1a	X
Non se ofertan pantallas	

3. Ampliación do número de idiomas esixidos das persoas de atención e control.

Idioma (Marcar cunha X a opción que proceda)	
Nivel B2 de Inglés	X
Nivel B2 de Portugués	
Non se oferta ningún idioma dos sinalados anteriormente	

4. Subministración de dípticos/trípticos informativos da exposición relativos ás bases do concurso, procedemento de inscrición, lugar de celebración, distribución de zonas de exposición e concurso e sinalización de espazos.

Número de folletos ofertados (Marcar cunha X a opción que proceda)	
Non se ofertan folletos	
500 folletos	
2500 folletos	
5000 folletos	X

5. Subministración de dípticos/trípticos no que se detalle o programa dos eventos que se desenvolverán durante o Concurso- Exposición.

Número de folletos ofertados (Marcar cunha X a opción que proceda)	
Non se ofertan folletos	
500 folletos	
2500 folletos	
5000 folletos	X

6. Experiencia contrastada na organización de exposicións de flores frescas da persoa coordinadora adscrita ao contrato que vaia a executar o mesmo.

Número de exposicións organizadas (Marcar cunha X a opción que proceda)	
Ningunha	
1 ou 2	
3 ou máis	X



A continuación procedese á valoración dos criterios avaliados automaticamente sendo as puntuacións obtidas pola empresa Grupo Norte MCA SL as seguintes:

Empresas	Puntuacion criterios avaliados automaticamente						Total criterios automaticos
	Prezo	Colocación pantallas	Ampliación nº idiomas	Ampliación dípticos/trípticos bases	Ampliación dípticos/trípticos programa	Experiencia coordinador en exposición flores frescas	
Grupo Norte MCA SL	8,756	11,50	2,50	2,50	2,50	5,00	32,756

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas o procedemento aberto simplificado convocado para contratación do Servizo de deseño, construción, montaxe e desmontaxe do LVII Concurso Exposición internacional da Camelia que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación Sobre A (xuízos de valor)	Puntuación sobre B (Criterios automáticos)	Puntuación total
1ª	Grupo Norte MCA SL	23,00	32,756	55,76

2. Propor ao órgano de contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do Servizo de deseño, construción, montaxe e desmontaxe do LVII Concurso Exposición internacional da Camelia á empresa Grupo Norte MCA SL polo prezo de trinta e tres mil seiscientos trinta e oito euros (33.638,00 €), IVE engadido e co detalle dos servizos a prestar que figuran na oferta da empresa.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Grupo Norte MCA SL proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, e que esta empresa está debidamente constituída, que se atopa clasificada no grupo L subgrupo 05 e categoría "D" quedando polo tanto acreditada a súa solvencia económico-financieira e técnica e asimesmo que non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, Grupo Norte MCA SL, mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 1.390,00 euros

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e nove minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

